



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 28 de setembro de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO, POSTA EN FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DE DESFIBRILADORES SEMIAUTOMÁTICOS PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. EXPTE. 948/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/09/17, dáse conta do informe-proposta asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 18/09/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 18 de setembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de xullo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 02/10/2017 12:48

Páxina 1 de 4

Expediente 948/611

Código de verificación: 2BE54-55D5D-22B5B-52CEE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	TOTAL
1	ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U.	100,00
2	BIOMED, S.A.	48,43
3	ANEK 53, S.L. PROYECTO SALVAVIDAS	25,47
4	CARYOSA HIGIENIC SOLUTIONS, S.L.	15,61

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACION DE EMERGENCIAS. S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., o día 4 de agosto de 2017, que presenta a documentación requirida o 14 de agosto, dentro do prazo concedido.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de agosto de 2017 revisou a documentación presentada e comprobou que era correcta. Fíxose constar que a empresa non constituíu a garantía definitiva esixida, senón que solicitou a súa retención no prezo do contrato (na primeira factura) ao abeiro do previsto no artigo 96.2 do TRLCSP.

Terceiro.- Con data do 7 de setembro de 2017 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS. S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP), que por erro non se incluíu no acordo do 21 de xullo de 2017:

- Resgardo da garantía complementaria do 2,50% do importe de adxudicación sen IVE, esixible de acordo co disposto na cláusula 21 e apartado 11B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares” co obxecto de completar a documentación presentada o 14 de agosto de 2017”.*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 02/10/2017 12:48

Páxina 2 de 4

Expediente 948/611

Código de verificación: 2BE54-55D5D-22B5B-52CEE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Este acordo notificouse a ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U. o 12 de setembro de 2017. A garantía esixida foi constituída mediante transferencia bancaria o mesmo día. Consta certificado expedido polo tesoureiro municipal o 14 de setembro.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na sesión do 18 de setembro de 2017 comprobou que a garantía complementaria requirida foi correctamente depositada, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliables mediante fórmula, de data 11 de xullo de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Adxudicar a ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 26.822,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.655,14 euros.*
 - b) *Propón unha ampliación do prazo de garantía de 72 meses (total 96 meses).*
2. *Iniciar os trámites pertinentes para devolver á citada empresa o importe abonado a maiores en concepto de gastos de publicidade (343,24 euros).*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 02/10/2017 12:48

Páxina 3 de 4

Expediente 948/611

Código de verificación: 2BE54-55D5D-22B5B-52CEE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 02/10/2017 12:48

Páxina 4 de 4

Expediente 948/611

Código de verificación: 2BE54-55D5D-22B5B-52CEE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>